# *GALICIA VISTA POR UN INGLÉS*

Aubrey F. G. Bell, *Galicia vista por un inglés,* Editorial Galaxia, Vigo, 1994. Traducción de Xosé Mª Gómez Clemente.

*Galicia vista por un inglés* é a traducción galega do libro inglés *Spanish Galicia,* publicado en Londres no ano 1922. Con esta obra, a editorial Galaxia inicia unha nova colección títulada "Galicia no espello", nunha coidada edición, tanto na súa encadernación, con ilustracións a cargo de Teresa Cámara, coma na calidade da traducción feita por Xosé María Gómez Clemente.

O libro comeza cun limiar xustificativo do autor onde nos explica que *"estas notas sobre Galicia"* son o resultado dun verán pasado nesta terra, *"país aínda pouco coñecido polos viaxeiros"*. Aubrey Fitz Gerald Bell naceu no ano 1881 no condado de Cumberland, en Inglaterra, onde morrería en 1950. Estudiou en Oxford e traballou en España e Portugal como correspondente do diario *Morning Post,* onde comezou a interesarse pola cultura destes países. Entre a súa extensa bibliografía destacan os estudios e traduccións ó inglés de Gil Vicente e Fray Luís de León, os ensaios sobre literatura portuguesa e castelá e traballos de divulgación como *El Renacimiento español.*

*Galicia vista por un inglés* está dividida en seis capítulos que empezan sempre cunha cita, sentencia ou poema en loanza do episodio que vai ser narrado. O primeiro, titulado *A xente,* resúmeno-los feitos históricos e literarios máis relevantes de Galicia desde o século IX ata principios do século XX. Fala das características do país galego que lle parecen máis significativas, entre outras as semellanzas entre Galicia e Irlanda. Define o carácter do galego como retranqueiro, avaro, desconfiado, cauteloso, humano e aforrador comparándoo co vasco e co castelán. Fala tamén da sociedade matriarcal que predomina en Galicia e da emigración que, para el, é unha tradición máis ca unha necesidade. Trata tamén algúns aspectos de política, de lingua e de etnografía. Comenta tamén as crenzas relixiosas, as supersticións e outros aspectos da etnografía e considera unha desgracia que os vellos costumes estean a piques de desaparecer en favor do progreso.

O capítulo II titúlase *O país* e nel considera xustificada a *morriña,* debido á beleza paisaxística da nosa terra. Céntrase sobre todo no comentario de

aspectos socioeconómicos como o tipo de cultivos (patacas, viño, liño, millo, castañas, centeo), a gandería (os animais máis necesarios nunha casa de labranza son, entre outros, as vacas e os porcos), o réxime de propiedade da terra (é especialmente crítico co sistema foral) e os medios de transporte (atrasados). Non esquece transmitírno-las súas impresións sobre as hospedaxes baratas, o magnífico clima, a arte fascinante e subliña especialmente a abundancia de bos escritores.

O capítulo III está dedicado a un percorrido por *Lugo* que o autor comeza, seguindo o exemplo de Borrow, entrando en Galicia por Vilafranca do Bierzo. A partir de aquí, a narración céntrase nunha descrición exhaustiva de vilas e aldeas que se demora en destaca-la súa beleza paisaxística e artística e subliña características peculiares da zona, como son o uso da tella parda ou da lousa. Tan forte é o desexo do autor por transmitir sensacións visuais que, ás veces, o lector semella estar ante un libro de arte, acugulado de descricións moi pormenorizadas dos monumentos arquitectónicos. Sen embargo, Bell non esquece tampouco engalana-la súa descrición con pinceladas costumistas e impresionistas, definidas nos detalles dos traxes típicos e na caracterización dos personaxes peculiares, que fan máis amena a lectura.

No capítulo IV titulado *A Coruña*, o noso autor segue describindo a beleza da arquitectura, da escultura e da pintura destoutra provincia, pero inclúe, se cadra, máis notas explicativas sobre etnoloxía e etnografía ca no capítulo anterior. Bell é un grande observador, fíxase tanto na maneira de traballar e de vestir da xente do país, coma nas descricións físicas dos labregos. Non esquece tampouco falarnos da vida intelectual e universitaria que hai na Coruña e en Santiago de Compostela. As comparacións paisaxísticas –onde teñen gran relevancia as cores– fanse tanto en relación a Escocia e Cumberland coma con calquera cidade do Mediterráneo.

No capítulo V, correspondente a *Pontevedra*, o noso viaxeiro fala con detalle das Rías Baixas e de novo describe os traxes e os oficios característicos desta zona. O lector semella estar ante a imaxe dun cadro de época, onde o autor destaca aquilo que máis o sorprende do noso país: a obrigada referencia a un escritor famoso, as facianas brancas da xente e mesmo o feito de iren descalzos uns rapaces á escola. Tamén non deixa de nos describir polo miúdo as algareiras romarías, as lendas e as peregrinaxes famosas, coma tal, a da Virxe da Guía en Vigo.

No capítulo VI comenta as peculiaridades paisaxísticas e artísticas de *Ourense, "verdadeira gloria e coroa de Galicia"*. Continúan as escenas costumistas en que a cor segue a ter gran relevancia tanto na paisaxe coma nos traxes e feiras. O autor neste capítulo é se cadra un pouco menos obxectivo, xa que menciona varias *tosquedades* con respecto á arquitectura e tamén menos rigoroso (o traductor advírtenos de que Bell fala dun lugar que realmente non existe).

O libro ten unha serie de apéndices distribuídos en cinco apartados, tres

dos cales son unha pequena antoloxía da lírica medieval, da lírica popular e da obra poética de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal que o propio Bell traduciu ó inglés. Na versión galega, o traductor, Xosé Mª Gómez Clemente, engade os orixinais galegos que non aparecen na edición inglesa da obra. O libro remata cunha bibliografía e un vocabulario galego-inglés.

Hai que felicitar á Editorial Galaxia por te-la iniciativa de traducir unha obra de tan grata lectura, escrita por unha persoa que nos dá unha visión distinta e máis obxectiva do noso país. Penso que é un libro que nos pode facer reflexionar sobre moitos dos problemas de identificación que témo-los galegos sobre nós mesmos e sobre o noso país.

Falando agora da traducción galega podemos dicir que, en xeral, X. M. Gómez Clemente resolve con dignidade os problemas que presentaba o texto orixinal. Un deles é a riqueza léxica da lingua de A. Bell, necesaria para a descrición de tipos e paisaxes, que se pode converter nunha pexa para o traductor pouco afeito a ler textos ingleses do século XIX e principios do XX. A versión galega mantén a forza descritiva do orixinal, algo que se logra tamén coa abundancia de vocabulario e cunha axeitada escolla para os diferentes campos semánticos. Con todo, hai unha certa tendencia no traductor a utilizar un léxico pouco común que causa estrañeza a un lector non especialista. O sistema temporal do texto inglés, que xoga co pasado-presente do lembrado e o presente do descrito, é difícil de sistematizar nunha versión a outro idioma. O traductor xogou co presente, o pretérito e o imperfecto para transmitirlle ó lector a idea do pasado aínda vivo e do presente da descrición pictórica. O resultado aseméllase bastante ó orixinal. Por último, e aquí o texto galego afástase claramente do inglés, a sintaxe do orixinal, baseada na redacción con períodos moi longos propia dun estilo decimonónico, na que, por exemplo, a subordinación introducida entre suxeito e verbo crea problemas de comprensión inmediata por perda de referencia, foi modificada polo traductor no sentido de conseguir oracións máis pequenas e conseguir un ritmo autónomo no texto galego. O resultado é un texto en xeral máis áxil, aínda que ás veces o texto galego se fai un chisco "lento" por non poder liberarse da pexa do orixinal.

Pilar Vilaboi Freire
Instituto da Lingua Galega